

Un ano despois...e agora qué? Lei 42/2010, de 30 de decembro

Xulio Castañal Canto¹, Jesus Sueiro Justel²

¹Coordinador do Grupo de Abordaxe ao Tabaquismo Galego.

²Presidente da AGAMFEC.

Cad Aten Primaria
Ano 2012
Volume 18
Páx. 78-78

Levamos máis de un ano da entrada en vigor da nova Lei do tabaco. Atrás quedaron as dúbidas sobre o cumprimento, nos lugares de lecer, da preservación dos espazos libres de fume. E tamén os agoreiros que predecían unha debacle económica para os locais de restauración, e os bares e cafeterías.

A nosa sociedade resultou máis madura do que algúns políticos pensaban. As leis que resultan claras e non dan pe para distintas interpretacións adoitan cumprirse moito mellor. E por iso outros países coma Brasil, Chile, Bulgaria ou Hungría están lexislando tendo como referente a Lei española.

As estimacións do Comité Nacional de Prevención del Tabaquismo (CNPT), no que a AGAMFEC coma sociedade federada da SEMFYC forma parte, falan de 600.000 fumadores menos en España durante este ano, o que ben sendo preto de 40.000 abandonos na Galiza.

A incidencia de asma na poboación infantil baixou o 15% e os ingresos hospitalarios por infarto de miocardio descenderon o 10%.

Os compoñentes do fume de tabaco son sumamente tóxicos e non hai un consumo, por mínimo que sexa, que non aumente o risco de padecer algunha das enfermidades directamente relacionadas co tabaquismo. As persoas máis cativas son especialmente susceptibles aos ambientes contaminados polo consumo de tabaco fumado, isto explica o descenso significativo dos casos de asma. A contaminación nos lugares de ocio, frecuentados polos máis pequenos que acompañan aos seus pais ou familiares, descendeu un 90% dende a entrada en vigor da Lei.

As melloras nos indicadores de saúde supoñen tamén un importante aforro de custes sanitarios e sociais e o aforro dos consumidores nos gastos de tabaco con toda probabilidade reverterán no consumo doutros produtos e servizos que xeneren emprego e beneficios sociais.

A Lei está apoiada tamén por moitos fumadores. A enquisa da XII semana sen fume para Galiza nos daba cifras en torno ao 78 % dos fumadores entrevistados nos centros de saúde galegos que concordaban en que a Lei resultaría beneficiosa para a saúde de toda a cidadanía.

De calquera xeito queda moito por facer. O CNPT resume as tarefas en:

- Alinear a fiscalizade do tabaco de lear cos cigarrillos.
- Ir xunto coa UE cara a un etiquetado uniforme das caxetiñas e produtos de tabaco que evite logos e imaxes atractivos e deixe claro en todo caso a súa perniciosidade.
- Dar asistencia adecuada aos fumadores que queren deixar de fumar pero a súa adicción llo impide, promovendo a formación dos profesionais en deshabitación tabáquica.
- Controlar a promoción e publicidade ilícita do tabaco que sutilmente persiste en algúns medios
- Informar sistematicamente á poboación sobre os verdadeiros riscos do tabaco.

Dende o GAT da Semfyc seguimos a insistir en que os fármacos de demostrada eficacia para o abandono do tabaquismo deberían estar subvencionados porque teñen unha relación custe/beneficio moi boa.

Na Galiza hai tempo que se abandonou a prioridade da formación dos profesionais sanitarios en tabaquismo. Nos caixóns da Consellería de Sanidade seguen agochados programas formativos e de abordaxe ao tabaquismo que non chegaron a implementarse nunca.

Experiencias pioneiras coma as das consultas específicas de abordaxe ao tabaquismo na Área de Vigo tamén foron pechadas pola Administración hai máis de 3 anos. A actual Lexislatura galega percorre os últimos meses da súa andaina e seguimos agardando por algún sinal que restableza a ilusión dos profesionais de Atención Primaria para traballar no control deste andazo que é o tabaquismo.

Correspondencia

Xulio Castañal Canto
xulio.castanal.canto@sergas.es